

Festival Sinsal X

24 out / 23 nov

NORMAL Espazo de intervención cultural
Universidade da Coruña
Paseo de Ronda 47, A Coruña

www.istoenormal.org
www.sinsalaudio.es

Sinsal é Normal

Exposición *O disco é NORMAL*

La Brecha [Rodrigo Losada, Marcos Nino,

Bettina Korten, Ximena Losada, Elena Duque, Miguel Mariño]

Manuel Rivas

Xosé Manuel Pereiro

Iago Martínez

Nouvelle Cuisine

Grupo S8

Like Drone Razors Through Flesh Sphere

David Saavedra

Javier Becerra

Mario Regueira

Xesús Fraga

Roberto Mallo

Anki Toner [Barcelona]

Julio Gómez [Sinsalaudio]

A Historia Da Música Enlatada

Michel Cloup [Experience]

Daniel Salgado

Xurxo Souto

The Ex

Mano de Obra

Cara Pintada [Janet Novás]

Músicas para Peto de Ariel Ninas

Miguel Prado

(Retro)visor [Antía Otero e Isaac Garabatos]

Ulrica

Conferencias/debate
Exposición
Laboratorio fotográfico
Escritorio
Super 8
Accións/performances
Concertos
Obradoiros
Escola SINSAL
Podcast



¹ Tódalas actividades son de balde excepto The Ex [10€] e Michel Cloup [5€]

² Socios do Festival Sinsal X: entrada de balde

³ Venda anticipada: pendente de confirmar punto de venda e en NORMAL o día do concerto desde hora e media antes

ORGANIZA E PRODUCE

NORMAL
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SINSALAUDIO

COLABORA

AGADIC
Axaencia Galega das Industrias Culturais

COLABORACIÓN

SON
Estrela Galicia

GADIS

Radio

scoitar

AGRADECIMENTOS

servent

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Sinsal é Normal

Festival Sinsal X
24 out / 23 nov

NORMAL
UNIVERSIDADE DE CORUÑA

24 de outubro

20h Inauguración Sinsal é Normal

Inauguración da Exposición *O disco é NORMAL*
Unha introdución á historia do soporte sonoro e á súa incidencia no mundo da música, a arte plástica e a sociedade do século XX.




Tela dos Traxes Sonoros de Galicia presentes na exposición grazas á Cidade da Cultura de Galicia

20.30h ESPAZO PERFORMANCE

La Brecha

[Rodrigo Losada, Marcos Nine, Bettina Korten, Ximena Losada, Elena Duque e Miguel Mariño]
Un proxecto que xa explorara en NORMAL, cunha instalación e un laboratorio aberto ao público, o límite entre materiais lixo e outros utilizables nunha obra de arte. Aquí afondan nese traballo, coa creación in vivo de diapositivas a partir de residuos e a súa proxección inmediatea. www.labrecha.info



25 de outubro

19.30h ESPAZO ESCRITORIO^s

Lingua, música e literatura en Galicia

Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro

Manuel Rivas (A Coruña, 1957). Escritor e xornalista. Premio Nacional de Narrativa en 1996 e doutor *honoris causa* pola Universidade da Coruña. *As voces baixas* (Xerais), é o seu último libro. Xosé Manuel Pereiro (Monforte de Lemos, 1956). Xornalista de *El País*, *La Opinión* de A Coruña e *Faro de Vigo*. Decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. Nos oitenta liderou a banda coruñesa de punk Radio Océano.

^sCoordina o xornalista Iago Martínez
Colabora Espacio SIRVENT
www.sirventvigo.com/sirvent/es/espacio-sirvent

31 de outubro

20.30h ESPAZO SUPER8^o

Cine Super8 co concerto de Nouvelle Cuisine

Formada en 2001 na Coruña, a banda debuta en 2007 con *Autodictado* e recunca un ano despois con *De memoria*. Do 2010 é o EP *La guerra del volumen* (2010). www.nouvellecuisine.bandcamp.com

^oCoordina Coco Lens
Proxeccións e montaxe visual Grupo S8. A Coruña

2 de novembro

20.30h ESPAZO LABORATORIO^e

Laboratorio de Fotografía coa música en directo de Like Drone Razors Through Flesh Sphere

Banda de Drone Doom Metal española, experimental, case anónima e de culto. Dende 1999 acumula nove álbums, dous EP e numerosos *singles* e discos compartidos. Publican en Black Mass e a maioría das súas copias son únicas e feitas a man.

^eCoordina Rafael Mallo

5 de novembro

19.30h ESPAZO ESCRITORIO^s

Escribir sobre música

David Saavedra e Javier Becerra

David Saavedra (Santiago de Compostela, 1971). Xornalista musical. *La Luna de Metrópoli*, *Rockdelux*, *Vodafone Music Blog*, notodo.com e numerozero.com. Mantén a bitácora *Perdiendo mi eje*. Javier Becerra. Redactor de *La Voz de Galicia* e dos programas *Xente Emerxente* e *V Clips* do canal *V Televisión*. Fundou e codirixiu o magazine en liña www.feedback-zine.com e colaborou no *Ruta 66*. Mantén o blog *Retroalimentación*.

7 de novembro

19.30h ESPAZO ESCRITORIO^s

A música na literatura galega

Mario Regueira e Xesús Fraga

Mario Regueira (Ferrol, 1979). Ten publicado *Rebelión no inverno* (Xerais, 2004), *Tanxerina* (Espiral Maior, 2006), *L'affiche rouge* (Xerais, 2007), *Blues da crecente* (Espiral Maior, 2009), *Outono aquí* (Sotelo Blanco, 2012) e *O silencio* (Xerais, 2012). Tamén o ensaio *Lois Pereiro. Unha persecución* (2.0 Editora, 2011). Xesús Fraga (Londres, 1971). Xornalista de *La Voz de Galicia*, tradutor e escritor. Publicou *Tute para catro* (2000), *A-Z* (2003) e *Solimán* (2004), todas en Xerais, e xa no 2011 *50 recetas con moras y otros frutos silvestres* (Alvarellos Editora).

8 de novembro

20.30h ESPAZO LABORATORIO^e

Laboratorio de fotografía coa música en directo de Roberto Mallo

Músico interesado na improvisación, os procesos de realimentación e reapropiación de excedentes da sociedade de consumo, co saxofón ou dispositivos electrónicos. Como técnico de son traballou con Srasrsra, Tor! Tor! Tor!, Trajano, Los Televisores ou Franc3s.



9 de novembro

19.30h ESCOLA SINSAL

O disco é NORMAL

Conferencia con Anki Toner e Julio Gómez

Anki Toner (Barcelona, 1964) músico e estudoso da relación entre música e propiedade intelectual. Integrou a banda Superelvis. É cantante do grupo Ankitoner Metamars e único membro do proxecto File Under Toner. www.ankitoner.com

Julio Gómez (Vigo, 1967) codirector do Festival Sinsal, produtor cultural de Sinsalaudio e investigador sonoro co colectivo Escoitar.org. Responsable de contidos da Escola Sinsal e SOSOaudio, o selo discográfico galego especializado na recuperación de formatos sonoros do pasado.

10 de novembro

11.30h ESCOLA SINSAL

Obradoiro da Escola Sinsal para públicos familiares sobre *A Historia Da Música Enlatada*

Un repaso polo soportes sonoros onde xogaremos cos diferentes formatos físicos

Inscripción e información: en info@istoenormal.org e no teléfono 981167000 [extensión 4502]

10 de novembro

20.30h CLUB SINSAL | 5€

Michel Cloup [Experience]

Michel Cloup é o hiperactivo cantante e guitarrista en moitos proxectos desde os 90: *Diabologum*, *Experience* e, máis recentemente, *Binary Audio Misfits*. Agora regresa en formato dúo con Patrice Cartier (tamén batería en *Experience* e *Binary Audio Misfits*) presentando seu último traballo, *Notre Silence*.



12 de novembro

19.30h ESPAZO ESCRITORIO^s

A literatura na música galega

Daniel Salgado e Xurxo Souto


Daniel Salgado (Monterroso, 1981). Xornalista, poeta e membro de DasKapital, que debutou en 2011 co LP *Ruído Negro*. Os seus últimos libros son *Os poemas de como se rompe todo* (Sotelo Blanco, 2007), *Ascension* (2010) e *Ruído de fondo* (Xerais, 2012). Xurxo Souto (A Coruña, 1966). Músico: Diplomáticos de Monte Alto, Tres Trebóns. Escritor: varios libros de relatos, unha colección de artigos e a novela *O retorno dos homes mariños* (Xerais, 1999) e locutor radiofónico, foi subdirector de programas na Radio Galega.

15 de novembro

20.30h CLUB SINSAL | 10€

The Ex

Presentación en Galicia do gran colectivo holandés. Desde 1979, a banda representa ao Punk experimental, en permanente discusión. Improvisación libertaria e politicamente consciente. Un ollo sempre contra o rock e outro con África. O seu último traballo é *Catch My Shoe* (2010). www.theex.nl



16 de novembro

20.30h ESPAZO SUPER8^o

Cine Super8 co concerto de Mano de Obra

Dous EP, *Imperio Cobra* e *Cámara de cría*, ambos autoeditados e difundidos na rede ao longo do último ano, avalan a proposta distópica e retrofuturista de Mano de Obra, grupo con base na Coruña. www.manodeobra.bandcamp.com



19.30h ESPAZO PERFORMANCE

Cara Pintada [Janet Novás]

Danza-Performance

«O meu corpo como un pequeno país, como un obxecto para representar pequenas historias que se convierten nunha. Bocas abertas, sedentas, afogadas no seu propio pranto ou na súa propia gargallada, sons enordecedores e invisibles. Só hai un obxectivo: sentir algo, non importa o que.» www.janetnovas.jimdo.com



17 de novembro

11.30h ESCOLA SINSAL

Obradoiro da Escola Sinsal para públicos familiares con *Músicas para Peto*, de Ariel Ninas

Ariel Ninas (Santiago de Compostela; A Central Folque) é un instrumentista e compositor polifacético con innumerables proxectos desde a música popular até a paisaxe sonora. Diferentes espectros traballados desde a perspectiva da zanfona e os instrumentos de peto.

<http://arielninas.wordpress.com/>



19 de novembro

20.30h ESPAZO LABORATORIO^e

Laboratorio de Fotografía coa música en directo de Miguel Prado

Nado na Coruña en 1985, traballa coa improvisación, o son, o silencio e a *performance* cuestionando as expectativas creadas arredor da autoría ou a produción artística. Arestora traballa en Nzambe, un dispositivo sobre as contradicións do crowdfunding. www.taumaturgia.com/miguelprado



22 de novembro

20.30h ESPAZO PERFORMANCE

(Retro)visor [Antía Otero e Isaac Garabatos]

Perfo-poesía

(Retro)visor parte da feble liña que separa o real da ficción e faise poema escénico tomando a palabra, a música, a acción e a gravación in vivo dunha *road movie* en plano secuencia. www.antiaotero.com



23 de novembro

20.30h ESPAZO SUPER8^o

CLAUSURA

Cine Super8 co concerto de Ulrica

Novo proxecto do músico coruñés Pedro Granell (Eskizos, Kozmic Muffin, Sils-María), xunto a Iago Alvite (baixo) e Samuel Pérez (batería). Un encontro inverosímil entre Bill Callahan e Einstürzende Neubauten. Prepara o seu debut para este outono. www.ulrica.bandcamp.com